

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN POR ELES T.E.A. OURENSE-PETEA, PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INFORMACIÓN, VALORACIÓN, SEGUIMENTO E ORIENTACIÓN DIRIXIDO A PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA, NO EXERCICIO 2023

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e polo establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991, no Diario Oficial de Galicia número 82 do 30 de abril de 1991.

Doutra parte:

Dona Eva Guzmán Freijedo, con [REDACTED], presidenta da asociación Por Eles T.E.A. de Ourense - PETEA, NIF G32490278 e domicilio social na Rúa Ramón y Cajal nº6 baixo A, Ourense, nomeada por acordo da Asemblea Xeral de data 29.12.2019, que actúa no nome e representación da entidade segundo dispón o artigo 23 dos seus estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas

ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

IV. Que a asociación Por Eles T.E.A. Ourense - PETEA, é unha entidade de natureza asociativa, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia con número 2018/22247-1ª, de acordo co establecido no artigo 10 da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Así mesmo a Asociación figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-6760.

A Asociación ten por finalidade promover o desenvolvemento e o cumprimento dos fins establecidos nos seus estatutos para mellorar a atención ás persoas con trastorno do espectro autista (en adiante con TEA) e apoiar e asesorar as súas familias.

V. Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio a todas aquelas persoas diagnosticadas con trastornos do espectro do autista e as súas familias na cidade de Ourense, durante todas as etapas do ciclo vital, dando asesoramento, terapias, actividades e tempo de ocio para construír unha identidade colectiva, baseándose na cooperación e no intercambio de coñecemento, así como facer visible esta afectación para unha correcta integración dos afectados na sociedade, e darlles os medios necesarios ás persoas con TEA para que estean preparados para unha anticipación e resposta correcta ante as diferentes situacións cotiás coas que se poden atopar no día a día.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude subscribir un convenio de colaboración coa asociación Por Eles T.E.A. Ourense- PETEA” para contribuír, a través da concesión directa dunha subvención, ao financiamento das actuacións relacionadas co programa de información, valoración, seguimento e orientación, atendendo ao principio de globalidade e posibilitando opcións de inclusión da persoa con TEA e da súa familia na sociedade.

VI. Que ao abeiro do disposto nos artigos 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade Por Eles T.E.A Ourense – PETEA, realiza actividades consideradas de interese social susceptibles de ser subvencionadas polo procedemento de concesión directa, coma o Programa de información, valoración, seguimento e orientación para persoas con trastorno do espectro autista que a entidade leva a cabo no exercicio 2023 que presta atención, apoio e acompañamento especializado no colectivo de persoas con Trastorno do Espectro Autista así como información, orientación e seguimento de cada caso, e intervencións de carácter individualizado que atenden as problemáticas familiares, acompañando ás familias das persoas con TEA no seu proxecto de vida, atendendo as súas necesidades e demandas e facilitando os apoios precisos para mellorar a súa calidade de vida familiar e o benestar de cada un dos seus membros, co fin de promover a súa inclusión como cidadáns de pleno dereito nunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Este programa é un recurso para achegar información e orientación en todo o relativo ao diagnóstico así como en todos os ámbitos nos que este inflúa sobre a calidade de vida das familias.

O desenvolvemento deste proxecto xustifícase na importancia da atención á familia como primeiro axente implicado no desenvolvemento e integración social das persoas na sociedade. Intervén de maneira personalizada e individualizada con cada persoa usuaria e/ou familia.

A metodoloxía empregada neste servizo basease no modelo de calidade de vida familiar. A calidade de vida pode ter un sentido diferente para cada familia: varía segundo a experiencia da familia e de cada persoa membro desta e basease nos seus valores, crenzas e expectativas. A finalidade é dotar ás familias das habilidades necesarias para que se convertan en actores de cambio, propoñer alternativas que

modifiquen a problemática obxecto de intervención, previr situacións de crise persoal e/ou familiares achegando recursos e /ou apoios que faciliten a autonomía persoal, e potenciando recursos que posibiliten a permanencia da persoa no seu medio habitual.

O programa terá un enfoque integral e individualizado en función das necesidades de cada persoa usuaria, baseado entre outros nos principios de aprendizaxe funcional a través de coñecementos previos e actividades do seu entorno máis próximo, e socializador ao posibilitar o fomento da inclusión social potenciando a utilización de recursos da comunidade. Isto último constitúe un elemento diferenciador da actuación desta entidade que se basea no emprego dos mesmos recursos que están a disposición de calquera persoa, coas adaptacións e apoios que sexan necesarios na busca de niveis de integración máis elevados.

Así mesmo, tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa de atención socio familiar para dar resposta ás necesidades específicas das persoas con trastornos do espectro do autista, en orde ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O obxecto do presente convenio é a colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a asociación Por Eles T.E.A Ourense – PETEA, mediante a concesión

directa dunha subvención para contribuír ao financiamento do Programa de información, valoración, seguimento e orientación para persoas con **TEA** que a entidade leva a cabo no exercicio 2023.

Trata de dotar ás familias das habilidades necesarias para que se convertan en actores de cambio, propoñer alternativas que modifiquen a problemática obxecto da intervención, previr situacións de crise facilitando recursos e /ou apoios que faciliten a autonomía persoal, e potenciar recursos que posibiliten a permanencia do individuo no seu medio habitual.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

O programa comprenderá a realización das actuación que a continuación se relacionan:

1. Estudio e valoración da necesidade da familia da persoa con TEA a través do contacto inicial.
2. A traballadora social en coordinación co resto do equipo técnico realizan a valoración e análise da situación e o establecemento das prioridades da intervención a través da elaboración dun proxecto de traballo familiar, que inclúe a identificación da problemática, o establecemento dos obxectivos e a descrición das actividades a realizar, e os recursos que se van utilizar.

Baseándose no proxecto de traballo familiar, e tendo en conta as características particulares de cada familia búscanse os obxectivos a acadar que son:

- a) Incrementar a competencia para a resolución de problemas.
 - b) Mellorar a estrutura e dinámica relacional das familias para que poidan asumir as súas función primarias: educativas, afectivas, informativas.
 - c) Mellorar as relación da familia co entorno para que sexan máis positivas.
3. Execución e seguimento da consecución dos obxectivos.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver Por Eles T.E.A. Ourense - PETEA, ascende á cantidade de 20.000,00€.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **quince mil euros (15.000,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1.

CUARTA. Obrigas da entidade

1. Por Eles T.E.A. Ourense - PETEA deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiaria previstos no artigo 10 da mesma norma. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención nos termos do presente convenio.
- b) Acreditar ante o órgano concedente a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras establecidas no convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio e nos lugares onde estas se realicen "subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude" co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. Documentación previa

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera

Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 20% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 80% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do programa a subvencionar a través do convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso, de conformidade coa normativa reguladora das subvencións públicas.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. *Gastos subvencionables*

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de persoal necesarios para a execución da posta en marcha das actuacións do programa a subvencionar descritas na cláusula segunda do convenio.

NOVENA. Xustificación

En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á data de finalización do período de xustificación que remata o 10 de decembro de 2023.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

Coa xustificación final do convenio ou, en todo caso, ao remate deste, de acordo co artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, deberá presentar:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas que forman parte das actuacións a subvencionar ao abeiro deste convenio.

b) Tendo en consideración que conforme ao establecido no orzamento presentado o gasto imputable é de persoal, deberá de presentarse aos efectos da súa xustificación e referidos ás mensualidades polas que se solicita a subvención, a seguinte documentación:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación das actividades subvencionadas.

2º. Recibos de salarios.

3º. Documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e o documento de Relación de liquidación de cotizacións (RLC) das persoas traballadoras correspondentes aos meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

c) Unha certificación expedida e asinada polo órgano responsable competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes destes

gastos, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes ou facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Certificación do órgano competente da entidade relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Xuventude foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos correspondentes ao ano 2023, de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflicta o importe da retención ou cotización devindicada na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2024.

DÉCIMA. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actividades subvencionables a través deste convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas ou na demais normativa aplicable, así como polas causas de resolución previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumprimento parcial

e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA. *Inexistencia de relación laboral*

Por Eles T.E.A. Ourense - PETEA queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

DECIMO SEGUNDA. *Comisión de seguimento e control*

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de Por Eles T.E.A. Ourense - PETEA, designados polas persoas que representen a cada unha das partes así como aos seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como quen a supla, se fora o caso, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. *Vixencia*

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no presente convenio que realizase Por Eles T.E.A. Ourense - PETEA dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO CUARTA. *Transparencia e bo goberno*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración ao Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>.

O contacto coa persoa delegada de protección de datos e demais información ao respecto consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SEXTA. *Réxime xurídico*

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

A Administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se

produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Xuventude

A presidenta da Asociación Por Eles
T.E.A. Ourense-PETEA

Fabiola García Martínez

Eva Guzmán Freijedo